## III.5. EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E CERCANA AO CIDADÁN

A través deste Eixe trátase de impulsar reformas administrativas que eliminen trabas á iniciativa emprendedora, e que lle dean prioridade á austeridade e racionalidade do gasto administrativo, e garantan os principios do mérito e capacidade no acceso á función pública.

Destaca a reorientación a novas formas de gobernanza, que contribuirán a un modelo no que o entendemento, partenariado e corresponsabilidade entre os distintos intervenientes, sexan Administracións públicas, axentes socioeconómicos, organizacións ou empresas e cidadáns, sexa a norma habitual.

Dentro deste eixe atópanse as políticas de racionalización e eficiencia da administración, así como as iniciativas destinadas a garantir a seguridade cidadá, mediante o servizo de emerxencias e de protección civil, e o desenvolvemento das competencias da comunidade en materia de xustiza e defensa dos consumidores.

Respecto do funcionamento da administración de xustiza, o persoal ao servizo da xustiza en Galicia a 1 de xaneiro do 2009 (último dato dispoñible polo IGE), sitúa un total de 2.719 efectivos, que representa, no caso de xuíces, fiscais e secretarios, máis do 6% do total nacional; mentres que a porcentaxe de funcionarios xudiciais se sitúa no 5,8% do total nacional, cun total de 2.021 efectivos. No que ao funcionamento se refire, durante o ano 2009 iniciáronse 582.162 novos procesos e resolvéronse 507.868, quedando pendentes de resolución 181.415 asuntos.



No tocante á eficiencia administrativa, e principalmente ao emprego das TIC na administración o Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia presenta os datos de informatización dos servizos administrativos reflectindo que máis de 90% das consellerías dispoñen de rexistro telemático, máis do 78% dispoñen de acceso electrónico ao expediente e o 57% dispón dos sistemas de notificación electrónica.




Base: todas as consellerías
Fonte: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Enquisa 2009

A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflíctese na táboa e gráfica que se xunta:

| E5: Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán. | 324.088.720 | 3,6 % | 100,0 % |
|---|---|---|---|
| OE01 Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación | 158.754.872 | 1,8 % | 49,0 % |
| OE02 Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia | 165.333.848 | 1,8 % | 51,0 % |




As Fontes de financiamento do orzamento deste Eixe estratéxico son:

| E5: Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán | 324.088.720 | |
|---|---|---|
| Orzamentos Xerais da C.A. | 319.449.375 | 98,57% |
| FCI | 219.262 | 0,07% |
| FEDER | 1.186.251 | 0,37% |
| Orzamentos Xerais do Estado | 1.233.561 | 0,38% |
| INTERREG | 336.568 | 0,10% |
| FSE | 1.578.095 | 0,49% |
| OUTROS FONDOS EUROPEOS | 3.250 | 0,00% |
| OUTRAS INICIATIVAS | 82.358 | 0,03% |

### *III.5.1. OE 1. Acadar unha Administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación*

Neste OE establécense accións directamente relacionadas coa prestación dos servizos necesarios para unha sociedade moderna e solidaria, tendo moi presente a necesidade de manter os rigores orzamentarios e o coidado no control dos gastos.

O fomento dunha Administración moderna e cercana permite a provisión de servizos de calidade a un menor custo, contribúe á extensión das novas tecnoloxías da comunicación e información na sociedade en xeral e, dada a importancia da propia Administración no seu dobre papel como demandante e provedor de servizos, é un axente crucial á hora de conformar un potente sector galego da información e innovación.